

En Galicia "fobelos Meigos"

En Galicia soemos dicir que hai moitas meigas; us tanto eu penso que só hai unha: a lingua galega; que enmeiga a todos e todas aqueles que a falan e incluso tamén ós que non a falan. En épocas ancestrais "séculos escuros" o pobo queimou a esta meiga porque pensaba que era unha peza sobraute na sociedade. Algunha xente non estaba daconto coa decisión e decidiu axudala. Grazas a aquelas xentes "os galego-falantes" a meiga logrou saír do perigo pero iso sí, gravemente ferida. A mesma xente que a salvou curou as súas feridas e grazas a eles hoxe está máis viva que nunca. Por iso debemos evitar que se perda a maxia de Galicia, e tamén a lingua; tentos que tentos que non se esmoreza no recordo, por iso vos animo a todos e a todas a falar galego.



Pregoeira

A lingua é,
tan vosa coma miña,
pode ser,
ata dunha pequena meniña.

Podes aprender,
a lingua galega,
é moi doado,
eu sabíaa dende pequena.

Se non se aprende,
esquecerase,
se non se fala,
perderase.

Pódese cantar, xogar,
e ata medrar en galego,
pero nunca isto gozarás,
se non queres facelo.

É unha bonita lingua,
non sei porque moito non se fala,
non sei porque hai,
xente que se avergoña de falala.

Aquí remato,
con este poema,
dedicado á nosa lingua,
á lingua galega.

D
A
L
I
N
G
U
A

Nº 43

Editorial

Sae do prelo, un ano máis a nosa revista escolar. Nela encontraredes os relatos que sacamos do noso maxín en noites de insomnio ou troula, as nosas humildes opinións e as actividades que realizamos ao longo deste curso levadas a cabo cos nosos profesores. Veredes que quizá para algúns os nosos contos e artigos teñan pouco valor estético, literario, ou poucos argumentos. En fin, desas palabras que usan ás veces os entendidos de literatura cando se poñen moi serios!... Mais o que si aseguramos é que foron feitas con entusiasmo, alegría, interese e con esa frescura xuvenil que nós temos e nos diferencia dos maiores.

Poderedes apreciar as múltiples actividades que se fixeron ao longo do curso! Moitas, moitísimas!!! Como aprendemos e como nos divertimos no Instituto! As múltiples viaxes didácticas: Castro Laboreiro, Melgaço, París, Londres, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, O Pazo de Vilamarín, Vila Verde, Braga, Ponte de Lima, relacións sociais con diferentes países e xentes europeas, contacto con paisaxes e sociedades diversas, formas de vivir diferentes.... A isto temos que engadirlle as saídas didácticas cos profesores de ciencias en Allariz, á beira do río, aprendendo o nome das plantas e a apreciando a natureza e o o medio ambiente, as saídas ao teatro cos profesores de linguas (castelá, galega, francés, inglés) e un sin fin de conmemoracións no salón de actos do Instituto! En fin, pareceravos mentira, mais todo iso nos enriquece, fórmanos para o futuro dunha maneira lúdica e fainos felices!

Este ano démoslle, alumn@s e profesores/as, un novo "look" á Biblioteca. N ela pasamos os recreos, pedindo libros prestados, vendo vídeos, lendo xornais, usando Internet, informándonos en todo aquilo que nos interesa. E o que nos espera para o ano que vén, porque María non para de proxectar.....

Finalmente, como é lóxico e natural á nosa idade, non podían faltar neste número da revista os pasatempos e o humor para deixarvos bo sabor de boca no fin da vosa lectura.

Os nossos relatos



OS NOSOS RELATOS

O DIA MÁIS FELIZ DA MIÑA VIDA

ELENA SÁNCHEZ RODICIO

2º ESO A

Diso hai case catro anos. Recórdoo moi ben. Levaba xa uns cantos días nervosa, e ¡é que ía nacer miña irmá!. Os nervos eran cada vez máis intensos, mais valeu a pena.

Levantábame coma calquera mañá, enseguida recordaba que en calquera intre ía ter unha irmá. Levaba uns días que nada máis chegar ao colexio as miñas amigas preguntábanme se xa nacera, eu dicíalles que aínda non. Cando remataban as clases a mestra dicíanos que todos tiñamos que facer as tarefas agás eu. Se non podía non pasaba nada porque ela sabía que ía estar no hospital. O malo é que sempre os acababa facendo. Ao saír, meu pai sempre me esperaba para ir ao hospital, pero ese día non estaba.

Levoume miña tía, porque meu pai estaba coa miña nai, a punto de dar a luz. Nada máis chegar ao hospital, o primeiro que fixen foi preguntarlle ao meu pai se xa pasara o que tanto ansiaba. A resposta foi non. Tamén lembro que non estábamos no mesmo piso de sempre, é dicir, no seu cuarto. Estabamos nun corredor moi longo, cunha porta ao final e unhas cadeiras de plástico, que normalmente están nas salas de espera. Eu levaba posto un chándal e cos nervios quiteille o cordón ao pantalón e desfixeno todo.

Máis terde unha enfermeira deixounos pasar, e vin a miña nai coas contraccións. Díxenlle que me apertase a man, se quería. Ao pouco, obrigáronnos a saír. Fóra xa comezaban a chegar os familiares. Eu, cos nervos, comía as uñas.

Por fin, o gran momento sucedeu, unha enfermeira chamounos. Eu tiña gana de chorar. Vina ao lonxe. Alí estaba miña irmá e trouxérona para que a vísemos todos. Eu tiña as uñas ásperas de tanto mordelas e tiña medo de mancar a miña irmá. Non paraba de aloumiñala. Cheiraba moi ben, aínda o recordo. Parecíame guapísima. Logo queríana levar para dentro e só lle deixaban entrar ao meu pai. Unha enfermeira moi amábel deuse conta de que eu era a irmá e deixoume pasar. Alí vin a miña nai, estaba pálida e tremía. Volvín xunto a miña irmá. Eu estaba feliz.

Ao día seguinte xa non esperei a que as miñas amigas me preguntasen nada. Fun correndo a buscalas e díxenlles moi emocionada e nervosa:

-Xa naceu, é preciosa! Todas me felicitaron e alegráronse.

Agora miña irmá ten case catro anos, e aínda que é pequena pelexamos. Aínda así, eu quéroa moito!

OS NÓSOS RELATOS

CONFIANZA

ICIA NOGUEIRAS PADRÓN

3º ESO A

Erguinme unha mañá coma outra calquera, antes ca todos os meus amigos e dirixinme á casa de sempre, mirando o de sempre polo camiño e agardando que me desen o de sempre: un bolo de pan e uns anacos de xamón. Sempre facía o mesmo e, á hora de comer, máis ou menos ás 16:00, xuntámonos todos os de sempre a recoller es restos de comida do restaurante chino tras o que pasabamos todos os días. Todos collíamos enchenta sempre, porque nese tipo de restaurantes sempre desperdician todo.

A miña vida sempre foi moi monótona, e a dos meus compañeiros tamén aínda que algúns pasaban pouco tempo con nós, porque eran moi velliños cando os abandonaban. Eu, aínda que pareza moi profesional isto de vivir na rúa, só levo uns meses. Meus donos tiñan unha filla moi consentida e, claro, eu era o seu capricho. A pesar de que protestase por todo, ela sempre me acariciaba, sempre me lavaba, esas cousas normais mais nunha casa enorme. Como era tan consentida, un día anoxouse e tirou todos os xoguetes ao lixo, incluído eu. E aquí estou, no lixo dende que a pequena se esqueceu de min. Non vaiades pensar que non a boto de menos nin nada, isto da rúa non é tan duro coma outros din, polo menos nestas vilas enormes de Nova York, onde cada día coñezo a cinco cans novos abandonados por persoas con corazón de plástico.

Os primeiros cinco meses foron moi ben, facendo o de sempre, vendo o de sempre, en fin...o de sempre. Todo ben ata que, un día de xullo, o día 18 se mal non lembro, tiven un accidente. Eu ía á casa de sempre comer, como facía cinco meses, mais, un descoidado condutor, atropeloume...

Destrozoume por completo. Dei chegado xunto dos meus compañeiros de milagre. Non sentía as patas traseiras, o golpe que recibín contra o muro debeume danar a columna. Estiven case un mes sen me mover, e todos me axudaban traéndome comida. Un día que xa estaba mellor, aínda que non sentía as pernas, sentinme con forzas para seguir coa miña vida cotiá. Cheguei á casa onde almorzaba sempre. Alí vivía unha rapaza moi guapa que quería moito a todos os animais.

Pero ese día... non sei por que, saíu e, ollándome con cara de noxo, volveu entrar co bolo de pan que me traía. Que pasa? Por que non me deu a comida? pensei nese intre.

Estiven un anaco agardando que saíse, mais non a voltei ver...

Tamén me sorprende moito o xeito que tiña a xente de mirarme. Sempre me miraban con bons ollos xa que dicían:

-Mira que can tan riquiño, ogallá tivese lugar para levalo para a miña casa. Non, esta vez a mirada dos humanos non expresaba cariño, nin dozura. Non, esta vez as súas expresións indicaban noxo, repugnancia...

Sentinme fatal, non sabía que facer. Despois de moito cavilar comprendín que, se cadra, se trataría da inmovilidade das miñas pernas e das miñas mancadelas no corpo, mais seguía sen entendela. Eu sigo sendo o mesmo, que non sinta as patas traseiras non significa que o meu corazón non sinta coma sempre. Sentinme moi ferido, non podía entender ese cambio de cariño, de mirada.

Os días seguintes non voltei saír do acubillo no que estabamos sempre. Estaba moi deprimido pola reacción dos humanos. Conteillo aos meus amigos e dixéronme que iso era o máis normal nos humanos, que case ningún deles era capaz de ver un animal

OS NÓSOS RELATOS

discapacitado como un animal de compañía. Moitos dos meus amigos estaban abandonados por accidentes semellantes ao meu.

Pasei meses e meses tumbado no sitio de sempre, cos de sempre, agardando que o tempo pasase o máis axiña posíbel.

Un día de decembro, fiquei enfermo. Entre o frío e a depresión que tiña, levaba un mes sen me mover. A pesar de que non era o único can que estaba enfermo, preocupáronse todos moito máis por min que polo resto, cousa que admirei, ao mesmo tempo non quería que os outros estivesen sós. O día de nadal eu presentín que xa me quedaba pouco de vida. Pedinlles a todos os meus amigos que se achegasen, e sobre todo que os máis novos prestasen moita atención:

- Amigos... presinto que este fermoso día de Nadal é o meu derradeiro, polo que, despois de todo o que sufrín cos humanos quérovos dar un consello, que espero que teñades moi en conta no que vos queda de vida. Coñeceredes a moitos humanos que vos acariciarán sorrindo, que vos queren levar para a casa ou que vos darán de comer aínda que eles queden sen almorzo. Non pensedes que iso é cariño nin moito menos, senón un pequeno vicio que aos dous días xa non se lles pasará polo maxín. Non vos deixedes levar por esas persoas.

- Fiádevos daquela que vos acaricie cando esteades suxos, auqela que vos mire con boa cara cando teñades unha ferida. E, sobre todo, aquela que non vos queira pola beleza exterior, ou polo carácter, senón polo voso corazón. Aquela que sexa capaz de vervos o corazón, aquela é a persoa da que vos poderedes fiar. A que vos abrace cando as outras vos desprezan, aquela que vos quere até a morte, e non a que vos abandona porque a filla se fartou de vós. Tede en conta iso que eu non tiven...

Despois diso, comecei a ver unha luz ao fondo dun túnel negro. Dende aquel momento non lembro nada mais...

Dende aquela, non volvín pasalo mal, non volvín ser rexeitado. Os meus compañeiros si. Eu estounos vendo agora dende onde estou e, crédeme cando vos digo que me doe máis, que despois de tanto tempo siga pasando o mesmo, dóeme máis que sigan sufrindo eles, os meus cempañeiros, os centos de cans que se abandonan mes tras mes, ano tras ano.

Non fun capaz de cambiar iso. Igual que tódolos cans abandonados non podemos facer nada por evitalo. Quen pode cambiar isto son os humanos. Si, vós. Só vós poderedes cambiar o futuro de calquer animal de compañía, calquera ser vivo que vive na rúa, que pasa frío, que non sabe como defenderse porque foi demasiado coidado na casa dunha familia feliz, e despois cansáronse de coidalo e o máis sínxelo é deixalo na rúa. Ou acaso vostedes cando se enfadan co seu fillo ou filla por algunha falcatruada que fixo, o tiran á rúa, para que aprenda a vivir só e sen o cariño que tanto merece? Acaso vostedes farían iso? Non cre...

Pois saiban que quen saben cuidar un nene, sabe coidar un can, quen aguanta a súa filla cando pinta nas paredes e no sofá, aguanta un canciño que mordeu a pata dunha mesa.

Non por non ser humano se perden os sentimentos, e todo ser vivo precisa desa persoa que está aí aínda que non a chamases, aínda que non a precises; esa persoa coa que contas en todo momento da túa vida, esa persoa á que lle tes total CONFIANZA.

OS NÓSOS RELATOS

ADEUS

ICIA NOGUEIRAS PADRÓN

3º ESO A

-Por que me fas isto? Como es capaz de marchar con ela?

-Enténdeo, é o mellor para os dous. Se seguimos xuntos imos sufrir. Marta, enténdeme. Fágoo por ti.

María botou a chorar desconsolada, non sabía que facer. Poucos minutos despois Lois abriu a porta e, coas maletas na porta, baixou no ascensor ata o coche.

Marta estivo dúas terribles semanas encerrada na casa, sen saber nada de Lois. Ameazárona no traballo porque levaba moito tempo sen asistir. Os seus compañeiros deixárona de lado, pois non paraba de dicir que non aguantaba a súa vida.

Acabárona botando do traballo. Súa nai estaba ingresada, gravemente enferma, nun hospital de Suiza. Non lle quedan compañeiros ao redor e, para colmo, tiña que pagar o piso e non tiña diñeiro nin para comer. Lois non lle collía o teléfono e non tiña forma de deslocarse polos barrios baixos de Barcelona.

Estaba farta da súa vida, xa nada podería ir peor.

Un serán de novembro, abriu o botiquín e colleu tódalas pilulas que tiña, dende calmantes antidepresivos.

Tumbose na cama. A mistura dos medicamentos xa comezaba a facer o seu efecto. María fixo un último intento e chamou a Lois. Por primeira vez, en moitos días, colleulle o teléfono:

-Lois -dixo xa sen forza.

-Que queres de min? Deixa de chamarme, por favor!

-Tranquilo...esta será a última vez que te volva chamar...só quería oír a túa voz nestes últimos minutos que me quedan. Eras a única persoa pola que vivía e. ..agora que o mundo se voltou contra min, xa nada ten sentido. Só quería que soubeses que te quero o espero que teñas a mellor vida posíbel. Espero que loites contra o monzón e non te deixes levar da súa forza como o estou a facer eu.

-Pero que dis? Non me digas que...

María xa non tiña forza para soste o móbil e deixouno caer ao chan. Lois saíu correndo do traballo e dirixiuse á casa da muller.

Desgrazadamente cando el chegou, María xa ficaba noutro lugar, fóra da rutina e do agobio da cidade para sempre.

AS NOSAS ACTIVIDADES E AS NOSAS OPINIÓNS



**CONFERENCIA DE
CAMILO NOGUEIRA
SOBRE O USO DAS
LINGUAS
MINORITARIAS E
MINORIZADAS NO
PARLAMENTO
EUROPEO: UN CASO
PARTICULAR O
GALEGO-
PORTUGUEZ**



O DÍA DA PAZ 26 DE XANEIRO 2009

QUE SIGNIFICA A PAZ?

A paz non é nada que se poida comprar

Nin vender, nin regalar.

A paz é o desexo de moitas persoas

Que nunca se cumpre.

A paz é o sorriso de moitos nenos

Que non teñen diñeiro,

pero si amor,

A paz tamén é a ledicia de persoas pobres,

E dos enfermos que teñen Esperanza

en que algún día o mundo sexa libre.

E... todos nos preguntamos:

Por que? Por que hai guerras?

Por que hai pelexas?

Por que hai pobreza en moitos lugares do mundo?

Por que?

Fagamos un esforzo por cambiar,

Por sermos mellores persoas,

Por axudar à xente que o precisa

E por pensar nos demais!

Todo isto parece un soño que nunca remata.

e...terá un final feliz, ou cheo de guerras?

Isso non o sei,

Pero creo que cada un de nós,

Podemos facer un mundo mellor,

Sen guerras, nen choros,

Sen soedade e sen odio.

Poderemos cambiar o final desta historia?



ACTIVIDADES E OPINIÓNS

O SILENCIO DA IMPOTENCIA

MÓNICA QUINTAS RODAL

3º ESO DCI

Ola a todos!!!!

Sinceramente impórtame ben pouco estar escribindo isto. Este anaco de papel non cambiará nada. E iso dóeme. Ponme enferma pensar en todas as cousas que están a suceder noutros países, e non falo só das guerras, senón de mulleres que son maltratadas, mulleres que non están a merecer ese trato. Mulleres, nenos, persoas en xeral que non reciben un bo trato, persoas que son degradadas tanto na intimidade como en público.

Estou farta de que todos os anos nos poñan estas cousas! Para que facemos isto? Vai cambiar algo?

O único que causa na sociedade é que por un día nos sintamos persoas. E despois que? Facemos un día o paripé, falando de amor, da paz, da soliradiedade. E todo iso para que? Non paro de facerme esa pregunta.

Un día ao ano falamos de todo iso, e despois a maioría fan o contrario. É moi triste saber que as persoas somos así a gran maioría . Mais aínda é máis triste, que eu estea aquí, sabendo escribir e ler, cando hai nenos no mundo sen poder coller un bolígrafo. E os nenos dos países onde hai unha escola, non poden ir, teñen que traballar desde os catro anos.

Pode que a miña redacción non fale de que hai que ser bos etc... E para que vou falar diso? Se a fin de contas todos sabemos como temos que ser, agora que sexamos así... Xa é outro cantar. Podo poñer unha morea de sinónimos da paz, para que a miña redacción quede ben presentada. Pero non o penso facer. Só me limito a plasmar neste folio, os meus pensamentos e inquietudes. Mirade... Sabedes o que vos digo?

Que cada un mire no seu interior, e busque en si mesmo un pouco de humildade, xa veredes como así, e alí, onde florece a humildade atoparedes todos os sinónimos da paz, encontraredes a paz.

Si, si, si... Xa o sei. Vós preguntádesvos que cambiaría no mundo se fixésemos iso. Pois se logrades ver máis alá da pel, das razas, se son dunha cor máis escura ou máis clara, se logrades chegar á vosa paz interior, atoparédela noutras persoas. Se conseguídes facer iso, logradedes mudar o mundo, e non deixar que o mundo nos cambie. Non deixar que por culpa de un montón de políticos, uns nenos do outro

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

mundo, vexan como morre a súa nai desangrada. Desangrada porque unha bomba estoupou cando ía comprar. Esa muller, morreu... Igual que moitas outras. Eses nenos... quedaron orfos, chorando, no entanto El, non se decata que ás súas costas había unha masacre. EL escoita o seu lamento, os políticos, a persoa que mandou esas tropas armadas, esa persoa.... e no entanto o neno chora, a nai morre... El cea e ri, sen pensar nos demais.

E non é xusto, pero... Amigos meus, hoxe en día que éo que é o xusto? Que é a soliradiedade? Non sei... Hai tantas cualidades humanas que non se empregan a cotío, na vida diaria, que eu xa cheguei a pensar, que esas cualidades están a morrer con ese neno que chora desconcertado, ese neno que está entre tanta xente, e á vez se atopa tan só.

En definitiva. A paz facémola nós se queremos, a paz témola nós se cremos nela. A paz é un sentimento que se alimenta da esperanza. Temos a paz na nosa man, podemos pechala e destruíla. E eu sen dubidalo,quédome coa mao aberta.

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

A BOA PERSOA DE SEZUÁN

JENIFER BRETaña MARRA

1º BACHARELATO

A obra cóntanos a historia dunha rapaza chamada Xen Te, que tras realizar unha boa ofrenda a uns deuses, estes vense na obriga de recompensala e danlle diñeiro para que poida abrir unha tenda de tabaco. A xente do barrio aprovéitase da inxenuidade de Xen Te, e tras darse conta, decide crear un personaxe chamado Xui Ta, que se fai pasar polo seu curmán, este mostra unha personalidade completamente oposta á de Xen Te. Xui Ta, despois de ser acusado do asasinato da súa curmá descóbrese que Xen Te e Xui Ta son a mesma persoa.

Esta obra fainos reflexionar sobre a cabida da bondade na nosa sociedade e para isto primeiro debemos distinguir entre bondade e inxenuidade. Dicar que non a algo, non significa que sexa mala persoa, simplemente é posíbel que non se poida realizar algo polo motivo que sexa.

Desgrazadamente vivimos nunha sociedade egoísta, na que as máis das veces só nos importa o que nos pode pasar a nós e non nos decatamos de que en case todos os casos sempre hai alguén que se atopa nunha situación peor cá nosa.

Vivimos nunha sociedade na que é practicamente imposible vivir sen mentiras, pois na maioría dos casos elas proporcionannos beneficios. Se deixásemos fóra as mentiras posiblemente conseguiríamos un mundo máis limpo e bondadoso.

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

AS BOAS PERSOAS DO MUNDO.

RAQUEL PÉREZ OROZCO

1º BACHARELATO

A obra de teatro *A boa persoa de Sezuán* conta a historia dunha rapaza con poucos recursos, Xen Te que, grazas á súa bondade, é axudada polos Deuses para poder abrir unha tenda de tabaco. Unha vez aberto o negocio, a moza ve como os seus achegados se aproveitan dela e da súa boa Fe. Por iso, para remediar a situación, decide crear a figura de Xui Ta, o seu curmán, cunha personalidade totalmente oposta á dela: é duro, cun carácter forte e imponente. A moza ve como a xente lle ten respecto ao curmán, polo que trata de desfacerse da bondade que a caracteriza e converterse en Xui Ta para sempre. Mais, ante a desaparición da xoven bondadosa, os achegados empezan a investigar o malvado curmán e, finalmente, descóbrense a dobre identidade que mantiña a moza e os motivos que a levaran a iso.

A obra ofrece unha interesante reflexión sobre as posibilidades que ten a bondade na sociedade actual. Na miña opinión, primeiro habería que facer unha importante distinción entre os termos de “bondade” e “inxenuidade”, xa que ser boa persoa non consiste en facer todo aquilo que os demais desexen e ser mala persoa non significa que se digan certas verdades que, no momento poden facer dano, mais que a longo prazo resultan ser bos consellos.

Ademais disto, na sociedade en que vivimos estase a producir unha perda de valores como a solidariedade ou a paz. O certo é que, desgrazadamente, nun mundo cheo de mentiras, de mentes ruins e egoístas como é o noso, non se pode esperar que alguén, por moi boas intencións que teña e moi por diante que leve a verdade, consiga algún propósito sen ter levado antes un gran número de decepcións.

Penso que, se todos cambiásemos un chisco a forma de pensar e actuar e deixásemos a un lado o egocentrismo que tan ben nos caracteriza, tal vez poderíamos conseguir un mundo un pouco mellor. Mais a realidade é moi diferente: resulta demasiado difícil que medio planeta (ou incluso máis) deixase atrás unha vida chea de mentiras, das cales se poden sacar beneficios e comodidades, para volvérense persoas que ao mellor non teñen nin un anaco de pan que levar á boca mais que son apiadadas e solidarias, iso si.

O DÍA DA MULLER TRABALLADORA

8 DE MARZO 2009



ACTIVIDADES E OPINIÓNS

A SITUACIÓN DA MULLER NO MUNDO

PABLO FEIJOO GALVEZ

Ata fai pouco as mulleres foron cidadás de segunda. Era unha sociedade dirixida e organizada polos homes na que as leis feitas por eles deixaban a muller en clara desvantaxe. Ata o século xx as mulleres non tiñan dereito ao voto, non podían acudir a unha entidade bancaria



sen o permiso do seu marido, nin tiñan facilidade de acceso á universidade, xa que o fin dunha muller era casar, ter fillos, cuidalos e levar as tarefas do fogar.

A pesar de que hai unha clara diferenza entre os países máis desenvolvidos, nos que a muller accede á ensinanza e os que están en vías de

desenvolvemento nos que o analfabetismo, as ideas relixiosas e o sometemento físico e psicolóxico anulan completamente desde nenas ás mulleres como persoas, aínda quedan restos de educación machista na que medraron os homes ata fai pouco.

Todo iso trae consigo que o home ao creerse propietario da súa muller a trate violentamente e incluso moitas veces é o dono da súa vida. De aí a alta porcentaxe de asasinatos nas parellas, nas que a vítima adoita ser a muller.

A educación machista esténdese tamén ao traballo, no que a muller aínda desenvolvendo un papel máis importante non alcanza nin o salario nin o prestixio dos seus compañeiros e ademais normalmente teñen que levar o peso da familia e do fogar.

Certas crenzas relixiosas dan unha clara inferioridade respecto á educación sexual e á relación de parella, na que a muller é somente un obxecto e non unha parte activa.

O martes 25 de novembro foi o Día Internacional Contra a Violencia Machista. Só en España, dous millóns de mulleres sofren a violencia machista, e levan perdido a vida 57. Por cada unha morta, os maltratadores deixan 1.000 mulleres con lesións.

DIFERENTES PERO IGUAIS

RAQUEL PÉREZ OROZCO.

1º BACH. CIENCIAS

Ao contrario do que pensa moita xente, os movementos feministas non defenden a inferioridade do masculino (samente algúns sectores máis radicais apoian este posicionamento, mais son unha gran minoría). O que realmente se busca con este tipo de reivindicacións é rematar con todos os prexuízos que a sociedade ten e tivo respecto da muller: “

somos evidentemente inferiores a eles; somos irracionais e impulsivos ata o punto de chegar á neurose; o noso labor é quedar relegadas ao coidado dos fillos e do fogar; somos coquetas e gastamos sen control...

Non só as mulleres nos consideramos feministas, senón que hai moitos homes que tamén están a favor de rematar con todos os prexuízos que conforman e conformaron a opinión sobre as mulleres ao longo de toda a nosa Historia. Un dos primeiros en apuntarse á loita foi Platon, defendendo a igualdade na educación. Outro exemplo é Condorcet, que apoiaba a igualdade de dereitos defendida por Olympe de Gouges no S.XVIII.

Hai quen, como Carol Gilligan, fala de “xéneros” referíndose ás diferenzas existentes entre homes e mulleres no plano emocional (falando das súas supostas condutas características:

o xénero masculino actúa de forma obxectiva e imparcial, aplicando a lei mediante a abstracción da situación particular do individuo (isto faino indo alén dos sentimentos e intereses dos implicados); mentres que o xénero feminino réxese por unha conduta na que se actúa por medio da empatía (poñéndonos no lugar do outro) e dando importancia aos sentimentos (analizamos a situación particular), xa que o noso comportamento vai encamiñado cara a compaixón e ten relación coa responsabilidade e o coidado dos demais.

Pero, na miña opinión, con esta visión de “xéneros” o único que se fai é xeneralizar os casos particulares de cada individuo e caer novamente en prexuízos que se supón que pretenden eliminar os movementos feministas. Non todo o xénero feminino segue a “*Ética do coidado*” nin todo o xénero masculino é totalmente imparcial á hora de vulgar os demais, senón que hai de todo: mulleres e homes que poden

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

seguir libremente unha conduta, sen que a pertenza a un grupo ou outro os condicione e os limite.

Segundo o meu parecer, realmente non hai esencia feminina nin masculina: só existe o xénero humano. Neste aspecto, estou completamente de acordo con Simone de Beauvoir, xa que ela expón que o termo “xénero” non significa “diferenza anatómica”, senón que é unha construción social na que abundan os prexuízos en canto a homes e mulleres que non debería existir, xa que tanto eles como nós somos individuos pertencentes a unha mesma especie (as nosas diferenzas redúcense- ou deberíanse reducir- tan só ao plano do aspecto físico e biolóxico:

homes e mulleres son o mesmo, pero con diferentes aparellos reproductores.

Polo tanto, se somos iguais, tamén o deberemos ser en canto a deberes e dereitos, sen que exista unha mentalidade de superioridade en ningún dos sexos.

SE TIVESES QUE CAMBIAR DE SEXO

JAVIER PÉREZ ÁLVAREZ

2ºESO A

Se tivese que cambiarme de sexo obrigatoriamente, non me gustaría facelo, sentiríame ridículo, como se me tivese que disfrazar todos os días.

No meu día a día cambiarían moitas cousas, xa que a min gústame moito xogar ao fútbol e se fose unha muller non podería xogar no equipo en que estou. A parte de iso, aínda hoxe en día non se lle dá tanta importancia como antes, unha muller xogando ao fútbol sería “rara”. Debido a isto tenría que deixar de xogar menos ao fútbol ou xogar case nada, xa que a ningunha rapaza que coñeza lle gusta o fútbol e aos rapaces cos que ando case nunca xogan ao fútbol con rapazas. Mais ben, iso non sería un problema moi grande comparándoo co día a día, xa que tería que ir ao instituto e a xente miraríame demasiado raro e de forma estraña, incluso algúns riríanse de min. Os meus amigos trataríanme de distinta forma polo simple feito de cambiarme de sexo.

No entorno familiar os meus país e miña irmá apoiarianme, ya que, se eu estivese de acordo e quixese cambiarme de sexo, aceptaríano e farían todo o posible para que me sentise ben e feliz.

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

A parte de todo o dito anteriormente ven o peor, tenría que depilarme, cuidarme máis, baixariame a regra e iso é algo do que una muller ten que estar pendente case toda a súa vida. Sinceramente, non me gustaría cambiarme de sexo e ser unha muller.

O AMOR

DARLENE RODRÍGUEZ

1º BACHARELATO

Na actualidade a ciencia mesmo é capaz de localizar o amor e xeneralizar sobre el. Esta dinos que todos actuamos da mesma maneira ante o amor, e localiza estas accións nos nosos cerebros.

Para min, é indiferente que o amor se atope no cerebro, en vez de saír do corazón, como comunmente se di, como tamén me é indiferente que todos actuemos da mesma maneira.

O que non nos di a ciencia é por qué ante unha persoa o noso cerebro actúa desa maneira. A ciencia non pode explicar por qué todo o noso organismo se altera ante unha persoa e non ante outra. Para min iso é o amor.

Non importa onde se localice ou que o meu veciño actúe da mesma maneira cando estea nese estado de namoramento, o importante é que esa persoa e non outra consegue revolucionar todo o teu sistema.

Pero en cambio si que me preocupa o descubrimento da localización, non porque o concepto de amor se derrube, senón porque dende ese momento o amor é manipulable.

Se a ciencia localiza esas partes do cerebro que reacciona cando nos namoramos, a ciencia podería tocar esas pequenas partes e modificalas. Podería facer que unha persoa deixase de sentir esas sensacións. Deixase de sentir o amor.

Creo que todo ten uns límites. As pequenas cousas que nos diferencian, entre elas sentir e a maneira en que o facemos, non deberíamos estudalas ata ese grao. Porque enton, que é o que nos diferenciaría dun robot? Pasaríamos a ser obxectos.

A ciencia debería respectar certas cousas, que obviamente non respecta. O amor debería ser unha delas, aínda que sexa polas crenzas estúpidas que se crean e que nos fan tan felices.

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

Cabeza de Medusa de Marilar Alexandre



NURIA RODRÍGUEZ DE LA FUENTE

DANIEL CID NARVÁEZ

4º ESO A

Marilar Alexandre (María Pilar Jiménez Aleixandre) nace en Madrid no ano 1947.

Viviou en Galicia desde 1973, primeiro en Vigo e agora na Amaía (Santiago de Compostela).

É Doutora en Bioloxía e Catedrática de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela.

Colaboradora das revistas *Nó*, *Luzes de Galiza* e a *Festa da Palabra silenciada*.

FACETAS DE MARÍA PILAR JIMÉNEZ ALEIXANDRE

Narradora, poetisa, tradutora, usa o galego como lingua literaria. En canto aos seus libros din que no fondo son mensaxes escritas con tinta, saliva ou sangue que arroxamos ao baleiro coa esperanza de que alguén os reciba.

Traballa nunha das empresas máis antigas (500 anos) de Galicia. Destacou especialmente no terreo da literatura infantil e xuvenil.

PREMIOS RECIBIDOS

- Recibiu o Premio Álvaro Cunqueiro por *Desaforados mundos*
- Premio Manuel Murguía por *A banda sen futuro* (Xerais 1999)
- Premios Lazarillo e Lecturas *Galix 2001*
- Premio da Voz de Galicia de novelas por entregas; *O rato de biblioteca e a Gaiteira de Marín*
- Premio Xerais: *Paxaros de papel* (Xerais 2001) ; *O chapiro verde* (2001) Xerais 2003) entre outros

OBRAS NARRATIVAS

- *A Cabeza de Medusa* é novela gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil 2008.

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

Sitúanos fronte á historia de Sofía, unha estudante de bacharelato que, xunto coa súa amiga Lupe, é violada ao sair dunha festa de carnavais. A amizade, a solidariedade e a esperanza enche as páxinas dunha obra comprometida que aborda en rigor o coñecemento sobre o tema da violencia sexual.

TEMAS:

A violación e a procura dos amores aventureiros, o papel do amor e a amizade na resistencia ao medo e a vergoña son temas abordados con valentía, claridade e ternura

ENTREVISTA

1. Como lle xurdiu o gusto pola literatura?

O gusto pola literatura xurdíume lendo e escribindo como a todo o mundo.

2. Ambientou vostede alguna das súas obras nalgún lugar concreto?

Si. Por exemplo *A FORMIGA COXA* está ambientada en Fisterra (A Coruña)

3. Houbo algún feito real no que se baseara para escribir algún libro seu?

Si de feito o libro de *CABEZA DE MEDUSA* baseeime nunha violación de tres nenas no colexio onde eu daba clases

4. Houbo alguna obra en concreto que fixese que lle gustara aos seus sobriños?

Si . *A FORMIGA COXA* xa que antes de escribir lle contaba a historia e logo escribina.

5. A parte da lectura ten vostede algún hobby máis?

Si. Gústame moito viaxar, fun varias veces a Amazonas, fixen unha viaxe en autoestop por España...

6. Logrou facer a súa viaxe ó Amazonas como desexaba de pequena?

Si fun dúas veces unha delas foi o ano pasado e gustárame volver xa que é un lugar moi fermoso



ACTIVIDADES E OPINIÓNS

7. Que experiencia ten vostede sobre a viaxe a Europa en autoestop?

Descubrin mundo e tratei con xente nova. Ao principio empecei a facer autoestop pero a xente pretendía meterme man, entón fixeno en tren

AS MISIÓNNS PEDAGÓXICAS

ELODIE GARRIDO LOSADA

2º BACHARELATO HUMANIDADES

O día 16 de Outubro, algúns alumnos de 2º de Bacharelato de Ciencias Sociais, acudimos a una conferencia dada por Isaac Alonso Estravís e José Paz Rodrigues sobre as Misiónns Pedagóxicas.

José Paz comezou contándonos que estaas Misiónns Pedagóxicas naceron no ano 1931 como firme iniciativa do goberno da IIª República para intentar democratizar a educación nunha sociedade que tiña baixos niveis de escolarización, -naquel momento máis de medio millón de nenos e nenas- para erradicar o analfabetismo. Isto foi un dos retos máis ambiciosos que marcaba a súa política social.

Comentou que as Misiónns pedagóxicas realizaron un importante traballo na Galiza. Desde Ribadeo até a Guarda e desde Xinzo a Malpica. No Baixo Miño programáronse diferentes conferencias pedagóxicas na Guarda e no Rosal no ano 1932 e difundíronse as bibliotecas populares que se repartiron do seguinte xeito: A Guarda, Guillarei, Goián, Malvas, San Salvador de Tebra e Tomiño.

Falou de algúns mestres e mestras que participaron neste plano profesional dos que algúns aínda viven na actualidade como Luís Taboada, o mestre de Sueiro, Isabel Suárez e Consuelo Carid.

Máis tarde este plano tivo un intento de imitación en 1967 grazas ao ourensán Eugenio López, Director Xeral de Ensino Primario no ministerio madrilen. Isaac engadía que para el os mellores mestres foran os do ano 1931 e logo os do 1967 e louvou a súa tarefa.

Entre os dous contáronnos como era o ensino nas Misiónns Pedagóxicas. Organizaban visitas que podían durar varios días, levando cine e gramófono, dando conferencias, facendo reunión cos Mestres, debatendo temas diversos... Un dos eixos fundamentais dese amplo proxecto de educación popular era o programa de bibliotecas escolares do que Isaac nos falou.

ACTIVIDADES E OPINIÓNS


Para acabar a conferencia, José Paz engadiu que a finalidade das Misións Pedagóxicas era romper co isolamento cultural que se producía nos lugares mais afastados e os eus fundamento, a xustiza social que reparaba nesta falta de atención por parte dos poders públicos da Monarquía.

Para finalizar, puxeron un documental onde se nos mostraba o labor destes profesionais.

Na miña opinión foi unha conferencia moi educativa e interesante.

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

Mapa de Galiza: percorrido das Misións Pedagóxicas



ACTIVIDADES E OPINIÓNS



RÚA DE MELGAÇO



MONTES DE CASTRO LABOREIRO

AS NOSAS VIAXES DE ESTUDOS



CASTRO LABOREIRO:
VISTA PANORÁMICA DO POBO



CASTRO LABOREIRO:
CASCATA

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

Proxecto Terra: intercambio territorial de Melgaço

POTOTA E MANUELA



LAMAS DE MOURO (GERÊS):

AULA DE NATUREZA

Os días 4 e 5 de Novembro de 2008 os alumnos de 3º de ESO, DCII e 1º de Bacharelato tiveron a oportunidade de realizar unha viaxe de estudos Ao Gerês- Melgaço-Castro Laboreiro. O tema destas actividades do Proxecto Terra é o recoñecemento da recuperación que se está realizando do patrimonio no seu medio natural respectando as características artísticas e paisaxísticas.

O primeiro día visitamos A Porta de Lamas de Mouro e a súa Aula de Natureza, na Serra do Gerês. Os alumnos tiveron a oportunidade de ver a serra nunha maqueta e apreciar a distribución territorial e os recursos humanos desta zona através dunha exposición de fotografía e un vídeo.

Xantamos no miradoiro de Castro Laboreiro, disfrutando da comida que levábamos alumnos e profesores, das charlas e bromas de sobremesa e dunha magnífica panorámica paisaxística.



OS XÉMEOS INTENTANDO QUITAR UNHA FOTO AOS PROFESORES

ADRIÁN OUTEIRIÑO, JOSÉ ESTÉVEZ, JOSÉ LUÍS SAMPEDRO, BENIGNO ESTÉVEZ. ALUMNOS DE DCII



ALUMNOS DE 3º ESO, 4º ESO DCII, 1º BACHARELATO CON PHILIP, LECTOR DE INGLÉS

ACTIVIDADES E OPINIÓNS



Aínda que este día nos acompañou a chuva e non puidemos realizar a ruta de sendeirismo prevista, si nos achegamos à cascata de Castro Laboreiro desde onde puidemos ver os muiños. Acompañounos unha guía portuguesa con o seu can, típico pastor da zona que chega a defender as ovellas do lobo e mesmo sair vitorioso da loita.



CASCATA E MUIÑOS EN CASTRO LABOREIRO

A NOSA GUÍA CON O CAN TÍPICO DE CASTRO LABOREIRO



Pola tarde, dirixímonos a Melgaço onde nos hospedariamos nunha Pousada de Juventude modélica desde o punto de vista arquitectónico. Causou tanto asombro no alumnado que algúns non pegaron ollo en toda a noite. Todos disfrutamos das instalacións e das diversas actividades deportivas.

POUSADA DA JUVENTUDE EM MELGAÇO E AS SUAS INSTALACIÓNS



O segundo día, mércores, acompañounos o bo tempo nas visitas aos museos de Melgaço. Vimos o museo arqueolóxico, situado no centro da cidade.

Resultou interesante a visita do castelo onde puidemos apreciar unha construción medieval e desde o alto da torre puidemos

CASTELO DE MELGAÇO

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

contemplantos a vila de Melgaço, os seus vales, o río e aquela paisaxe espléndida nunha mañá soleada de outono.



VISTA PANORÁMICA DE MELGAÇO DESDE O CASTELO

represión. Hai historias duras e deliciosas sobre a emigración clandestina através de varios puntos de Melgaço, como o río Miño, Fiães, Castro Laboreiro e S. Gregório. O mesmo acontece co contrabando que no tempo da ditadura era unha actividade comercial.

Á tarde regresamos a Allariz, satisfeitos da nosa visita por ter aprendido moito sem deixar de divertirnos.

Tivemos a oportunidade de ver un Museo de Cinema de Melgaço- Jean Loup Passek, situado en plena zona histórica da Vila. Este museo alberga centenas de utensilios, obxectos, máquinas, proxectores, relacionados coa historia do cinema, coleccionados ao longo dunha vida e doados à Autarquía polo cinéfilo francés Jean Loup Passek. Vimos unha exposición permanente dedicada ao pré-cinema e imaxes de diferentes películas clásicas da historia do cine. Disfrutamos das explicacións dun magnífico guía.

Vimos tamén o Museo de Contrabando e da Emigración Clandestina onde recordamos tempos pasados da etapa das ditaduras franquista e salazarista. As historias da emigración clandestina están perpetuadas no *Espazo Memória e Fronteira*.

Alí pódense apreciar as artimañas dos refuxiados políticos e dos emigrantes portugueses á procura da subsistencia, dunha vida digna e dun mundo con máis posibilidades de futuro, cousa bastante difícil de conseguir tanto na Galiza como en Portugal naqueles tempos de miseria e



O PROFESOR E PROFESORAS ACOMPAÑANTES: PHILIP, POTOTA E MANUELA

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

A NOSA VISITA A VILA VERDE E BRAGA

IAGO VILLARINO SEARA

2º BACHARELATO HUMANIDADES



O luns día 24 de Novembro, a maioría dos alumnos de 2º de Bacharelato do I.E.S. de Allariz, participamos nun intercambio con Vila Verde en Portugal, vila situada perto de Braga.

O motivo desta saída foi que no final do curso 2007-2008, os alumnos portugueses da Escola de Vila Verde viñeron visitarnos a Allariz. Segundo o acordado, os alumnos de Allariz acudiríamos á súa vila

no inicio do curso seguinte, pois non o puidéramos facer no curso anterior por falta de tempo e por causa dos exames.

Sáímos de Allariz ás 8.45 H. E chegamos ao noso destino arredor das 11 H., aínda que para os nosos anfitrións o horario non coincidía co noso, pois como todos sabemos o seu reloxo marca unha hora menos.

Unha vez que chegamos ao outro centro, esperábanos os dous profesores que xa participaran na visita a Allariz, David e Luís, e alumnos diferentes aos que xa coñecíamos. No curso 2007-2008, os alumnos cos que nos relacionáramos cursaban o “Décimo segundo”, equivalente para nós a 2º De Bacharelato, curso que estudamos actualmente. Por este motivo, eles xa abandonaran o centro e algúns estaban na Universidade.

Esta xente portuguesa recibíunos con algúns presentes: unha gorra, un colgador de móvil ou de chaves e unha guís turística da vila.

Posteriormente ensináronnos o seu centro que, sendo máis grande e dividido en 4 pavillóns, persoalmente



ALUMNOS DE 2º DE BACHARELATO NA SALA DE USOS MÚLTIPLES DA ESCOLA SECUNDÁRIA DE VILA VERDE

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

pasreceume máis sobrio e frío, debido á estrutura de cemento e bloques ao descuberto.

Acudimos ao museo dos *Lenços de namorados*, un dos principais lugares a visitar estando nesta vila. Neste lugar puidemos ver e observar moitos dos panos que eran bordados polas lugareñas desde o S. XVIII, para ofrecer a un eventual pretendente que o debería levar en público en sinal de interese pola moza. A directora do museo contounos a historia dos *lenços* e o motivo de aquela ampla colección en exposición e venda. Tamén vimos como unha señora bordaba os *lenços*.



LENÇO DE NAMORADOS

Ao saír do museo, fixemos un paseo pola vila onde visitamos a biblioteca municipal e o concello entre outros edificios.

Os nosos anfitrións convidáronnos ao xantar igual que o fixéramos nós. Logo fomos tomar un café, onde tivemos algunhas dificultades para realizar o pedido. O café denomínase ‘pingo’, ‘pinga e media’, ‘media de leite’, ‘un galão’... mais apesar diso puidemos degustalo.

Xa pola tarde achegámonos á cidade de Braga. Polo camiño puidemos observar o estadio de fútbol de Braga, un dos estadios que levou un premio europeo pola súa estrutura arquitectónica. Vimos a igrexa do Alivio, construída polos canteiros galegos que se asentaron na vila no S. XIX.



En Braga visitamos a catedral, o barrio medieval e unha pastelería por debaixo da que se vían os restos da antiga Braccara Augusta. Quedamos asombrados como através do chan de vidro, podíamos remontar dous milenios no tempo.

Despois de pasar un momentocos outros compañeiros, chegou a hora da despedida e voltamos para Allariz.

ALUMNOS GALEGOS E PORTUGUESES NA CATEDRAL DE BRAGA

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

BRÁCCARA AUGUSTA

ELODIE GARRIDO LOSADA

LAURA FERNÁNDEZ VILA

2º BACHARELATO HUMANIDADES



Bráccara Augusta foi o nome romano da actual cidade de Braga, situada no norte de Portugal. Foi fundada polo emperador Augusto arredor do ano 16 a.C sobre un poboado indíxena anterior. Durante o período dos Flavios, Bráccara Augusta recibiu o estatuto municipal e foi elevada a sé do convento que levou o nome de *Conventus Bracarensis* e tiña funcións administrativas sobre unha extensa rexión. A partir da reforma de Diocleciano, pasou a ser a capital da provincia de Gallaecia. Neste momento xa era sé episcopal. A comezos do S. V, a cidade foi tomada polos invasores suevos, que a escolleron como capital do reino até o S. VII, momento en que foi incorporada ao reino visigodo por Leovixildo. Da cidade romana consérvanse restos de algúns edificios.

VISITANDO A CATEDRAL DE BRAGA

A POBOACIÓN BRACARENSE

As orixes da poboación remóntanse ao S. III a.C. momento en que foi ocupada e fundada polos celtas. No S. II a. C. iníciase a dominación romana. Nesta época Bráccara foi convertida en centro administrativo.

Desde o S. V asentáronse diferentes pobos bárbaros, suevos, visigodos e árabes e no S. XI, Afonso III reconquistaa definitivamente.

No S. XI fúndase a sé catedralicia, converténdose nun importante referente relixioso para a poboación. Desde ese momento a cidade medra en torno á catedral. No S. XII, Braga será a Sé Episcopal portuguesa. Será a cidade dos arcebispos pola súa importancia no crecemento da poboación. Na actualidade, Braga conta con máis de 170.000 habitantes. É una das cidades máis dinámicas de Portugal

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

desde o punto de vista cultural e económico. É un importante centro de comunicación. Desataca o comercio e o turismo xerado polo seu casco histórico. A cidade ten dúas universidades (a Universidade católica portuguesa e a Universidade do Miño) e una ducia de museos. É considerado un dos centros culturais máis importantes de Portugal.

INTERCAMBIO COM PONTE DE LIMA

VIVENCIAS



KATIA PEREIRA E OLALLA PÉREZ

1º BACHARELATO

Para nós, alumnas de 1º de Bacharelato, participar neste tipo de actividades resultounos moi interesante, xa que ademais de ser amenas permítennos coñecer novas culturas e aprender a convivir con persoas doutros lugares que posúen valores e costumes moi dispares dos nosos.

Neste intercambio, por exemplo, cada grupo realizou unha serie de actividades ou eventos para acoller dunha boa maneira os hóspedes.

Intentamos por ambas partes integrarnos dunha maneira axeitada á forma de vivir das nosas compañeiras.

Mostrámonos moi activas e participativas con todo o que tiña a ver con esta actividade.

Sen embargo, como todo intercambio, non todo son cousas positivas senón que tamén houbo aspectos negativos.

A nosa timidez fixo que en determinados momentos o noso grupo estivese máis tirante que o grupo das rapazas portuguesas, mais isto non significa que non estivésemos dispostas a relacionarnos.

Por outra parte, o feito de que o alumnado portugués estive formado só por rapazas fixo que parte dos nosos compañeiros se sentisen retraídos.

E para concluír, podemos dicir que se deberían realizar máis a miúdo este tipo de eventos, xa que é un acto que nos permite fortalecer os nosos lazos sociais.

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

LAURA, J. LUÍS, SARA, TANIA E RAQUEL

1º BACHARELATO

O intercambio coas alumnas de Ponte de Lima foi unha experiencia marcada, na maior parte do tempo, pola diversión e a animación mediante actividades culturais e de folclore galego-portugués.

A pesar de algúns incidentes de pouca importancia, como puido ser a vergoña que protagonizou nun primeiro momento o feito de que non puidésemos amigarnos cordialmente coas mozas. Outro acontecemento foi o feito de non estarmos acostumados á comida portuguesa e que non nos resultase agradábel ao noso padal...



Pensamos que foi unha actividade moi amena, na que tanto uns como outros aprendemos algunhacousa dunha cultura dispar (pero á vez tan común) á nosa.

Un feito que nos chamou profundamente a atención foi a similitude entre ambas vilas. Tanto a vila portuguesa coma a nosa comparten unha tradición popular moi semellante como é a Festa do Boi. De feito, os alcaldes das dúas localidades manteñen unha cordial relación e están en contacto durante a celebración das mesmas.

E, xa para concluír, pensamos que se deberían facer con maior frecuencia actividades como esta, xa que son unha boa forma de aprender a relacionarse con xente

ANDREA BLANCO, JENIFER BRETaña, MARCOS CONDE E DARLENE RODRÍGUEZ

1º BACHARELATO

O intercambio realizado entre o IES de Allariz e a Escola de Ponte de Lima, os días 16 de marzo (en Ponte de Lima) e o 25 de maio (en Allariz) de 2009 foi unha experiencia inesquencíbel.

Sorprendeunos gratamente a similitude cultural, principalmente a celebración da Festa da Vaca das Cordas e a Festa do Boi.

Porén, non todo foi bo. A comida non foi o que máis nos gustou, probabelmente porque o noso padal non está acostumado a este tipo

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

de xantar. Déronnos un prato típico de Ponte de Lima que consistía nun combinado de arroz con sangue de porco, carne ao caldeiro e tripas recheas de fariña de millo

Tivemos a sorte de facer unha visita guiada por unha vila tan fermosa nun día estupendo de primavera.

As rapazas portuguesas esforzáronse moito para que formásemos un só grupo. En todo momento procuraron ser simpáticas e agradábeis con nós.



MERENDA EN PONTE DE LIMA, Á BEIRA DO RÍO LIMA, CON MÚSICA FOLCLÓRICA GALEGA E PORTUGUESA

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

VISITA DA ESCOLA SECUNDARIA DE PONTE DE LIMA EN ALLARIZ



ACTUACIÓN DOS ALUMNOS DE 3º DE ESO TOCANDO E CANTANDO O «HIMNO DO BOI» PARA RECEBER OS ALUMNOS PORTUGUESES

ACTUACIÓN DAS ALUMNAS DE 1º DE BACHARELATO



ALUMNOS/AS PORTUGUESAS E GALEG@S NA FÁBRICA DE COIRO EN ALLARIZ

Día das Letras Galegas 2009

MANIFESTOS

ES TI A MIÑA LINGUA

MIGUEL MOSQUERA (1º BACHARELATO)

MANIFESTO GAÑADOR A PROL DA LINGUA GALEGA

LETRAS GALEGAS 2009

Es ti a miña lingua
que me deches a cultura
ti quen me deches a vida.
Por que segues oculta?
Malia estares prohibida
e emigrares co emigrante
perduraches, lingua querida
grazas ao esforzo do falante.

Por teus fillos desprestixiada
ignorantes da propia palabra
ti miña lingua materna
escondida tras dela

Daslle vida ao falante
e a morte, o silencio
da miña lingua amarte
e de esconderte o desprezo.
Es ti lingua de Galicia
pero non lingua do galego,
es ti lingua malferida
pero non lingua do momento.
Ensalcemos o noso idioma
Falándoo sen medo,
Sen prexuízos nin vergoña.
Falemos, falemos galego!

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

A LINGUA GALEGA

**POR NATALIA OTERO (1º ESO A)
MANIFESTO GAÑADOR A PROL DA LINGUA
GALEGA
LETRAS GALEGAS 2009**

Defendamos esta lingua, o galego;

Fagámola nosa, como debe ser.

Fagámola medrar! Quen o ía facer?

Nós, os que a falamos.

Por que?

Porque ela é a que di o que somos,

e con ela pensamos, rimos, choramos;

CON ELA SENTIMOS!

As miñas palabras falan en galego,

Os meus pensamentos flúen nesta lingua

e a miña voz e a miña boca

desexan gozar dela.

É MARABILLOSA!

Sintámonos orgullosos

desta fermosa lingua

que nos fai auténticos.

Rompamos as barreiras

que non a deixaron medrar

e sintámonos orgullosos

de ter un dos mellores patrimonios

que pode ter o ser humano

O GALEGO!!

A nosa Biblioteca

OS BOS, OS MELLORES E OS IMPRESCINDIBLES.

LORENZO

Estas liñas pretenden ser un agradecemento a tódalas persoas boas, mellores ou imprescindibles deste centro que co seu esforzo fixeron posible a existencia da fermosa, ben organizada e utilizada biblioteca do noso instituto.

Cando empezou a funcionar este centro alá polo curso 1983-1984, chamábase Instituto Bivalente de Allariz. Este nome respondía á necesidade de albergar nun pequeno edificio dous centros: un de Formación Profesional e outro de B.U.P. Como non había alumnos para as dúas opcións, a Consellería de Educación decidiu meterse a experimentar unha reforma do ensino que empezaba naquel curso en toda España, e que en principio lle resolvía un problema: tratábase de eliminar a separación de alumnos de BUP e de FP. Así xa tínamos alumnos suficientes no instituto de Allariz. Que ten que ver todo isto coa nosa biblioteca? Moi sinxelo: o Instituto Bivalente de Allariz recibía diñeiro para funcionar como centro de FP e como centro de BUP, co cal dispuxo de bastantes fondos durante varios anos. Iso fixo posible crear naqueles tempos unha biblioteca que nun principio se marcaba como principal obxectivo aforrarlles diñeiro ós pais dos alumnos. Mercábanse varios exemplares de cada libro de lectura obrigatoria e así dispuñan deles na biblioteca. Iso explica que haxa entre 10 e 15 exemplares de *Luces de Bohemia*, *Tiempo de silencio*, *La vida es sueño*, *Cien años de soledad*... As adquisicións facíanse nas mellores edicións que había no mercado naquel tempo e a biblioteca estaba na actual sala de profesores do edificio de arriba. Un dos profesores que se dedicou á tarefa de crear a biblioteca neste tempo foi Antón González. Permitídemme para el o calificativo de “mellor”. No seu nome, grazas, compañeiro e amigo. Tamén cómpre anotar como “bos” usuarios a varios alumnos, hoxe en día personaxes importantes na vila de Allariz, entre os que estaba unha mociña chamada María (non sei se vos soa). Daquela facía moi pouco ruído, pero xa se fixaba moito.

Seguen pasando os anos, que como sabedes non se paran con ninguén. A biblioteca medra e xa non é doado meter todos os libros naquel pequeno espazo. Empezan os anos 90 e con eles chega ó centro un profesor novo. É moi raro: dá clases de latín e grego (o máis antigo) e gusta dalgo supermoderno e descoñecido daquelas: a informática. Como fala pouco e traballa moito dedica un sinfín de horas a crear un programa informático para xestionar a biblioteca o cal permitirá, entre outras cousas, facer os

ACTIVIDADES E OPINIÓNS

préstamos e levar un control das existencias tal e como se fai aínda agora. Moitas persoas do centro traballamos na informatización da nosa biblioteca coa seguridade de que cando había un problema (e con profesores que non sabiamos case nada de informática, había varios tódolos días), este home estaba alí para axudarnos a resolvelo. Para el non había horario. Había un obxectivo: que a biblioteca funcionase ben e estivese ó servizo de todo o persoal do centro.

Tómanse moitas medidas para que os alumnos se poidan servir dela. Eu destacaría dúas. A primeira é que se decide que estea aberta durante tódolos recreos e sexa atendida por un profesor que poida facer os préstamos. A segunda é que a prensa estará na mesma, a disposición de alumnos e profesores. Cómpre valorar estas medidas no seu tempo. Hoxe isto pode parecer unha tontería xa que pululan xornais por todo o centro coma moscas. Daquela había tan só 1, 2 ou 3 como moito. Conséguese con isto que a biblioteca sexa un local que os alumnos e profesores visitan, aínda que só sexa para ver no xornal os resultados do fútbol. Hai institutos que teñen persoal exclusivo para a biblioteca, pero como nela non hai nada que interese, os alumnos non a visitan. Non lles serve para nada. En Allariz non pasa iso.

E como quen non o quere, chegan os novos tempos, incorpóranse dous cursos máis ó Instituto, recupérase para o centro o antigo edificio dos Salesianos e alá dedican un dos mellores espazos a unha biblioteca. Pouco a pouco imos facendo o traslado, os fondos seguen aumentando, e de paso, tamén os préstamos. Podemos dicir con orgullo que durante o curso 2003-2004 a Biblioteca do IES de Allariz, un centro que ten 250 alumnos aproximadamente, fixo perto dos 1000 préstamos. Houbo alumnos que se aproximaron ós 40 préstamos no ano!

Un inimigo novo da lectura aparece. Ata este ano o principal era a televisión. A partir desta data entra de súpeto Internet e o seu fillo natural, o chateo. (Antes chateábase nos bares, pero agora faise na casa diante dun ordenador). Xa aqueles alumnos bos que levaban tantos libros empezan a levar menos, e os que levaban poucos agora non levan ningún. O número de préstamos baixa en picado e todos os “bos”, e incluso os “mellores”, que dedicaron tantas horas á biblioteca, empézanse a desanimar.

Velaí que volve aparecer aquela antiga alumna que mentei nun principio só que agora, xa dá clases. O actual equipo directivo propoña como profesora bibliotecaria e aquela mociña calada transfórmase nunha muller que revolve Roma con Santiago, organiza, contaxia entusiasmo e pónnos a todos a traballar na idea de crear un novo concepto de biblioteca co que nos ten a todos engaiolados. Para ela e para ese profe de latín e grego, que segue a arrimar o ombro anque ó mellor algunha das reformas que se fan non sexan totalmente do seu agrado, permitídeme que reserve o título de “imprescindibles”.

Para eles, para os mellores que fostes tan necesarios e para os bos que traballastes sen facer ruído, moito éxito nesta nova andadura que sen dúbida será moi satisfactoria para todos.



HUMOR E LECER



HUMOR E LECER

TEST DE AXILIDADE MENTAL

Eva Pacheco da Fonte

1. As ovellas brancas comen máis que as negras?
Si
Non
Non o sei
2. Cantos aniversarios tivo unha persoa que cumpriu 50 anos?
49
50
51
3. Algúns meses teñen 31 días. Cantos teñen 28?
6
9
12
4. Hai algunha palabra mal escrita nesta pregunta?
Si
Non
Non o sei
5. É correcto que un home se case coa irmá da súa viúva?
Si
Non
Non o sei
6. Divide 30 por $\frac{1}{2}$ e súmalle 10. Cal é o resultado?
10
35
50
70
90
7. Se hai 3 mazás e tomas 2. Cantas tes?
3
5

HUMOR E LECER

8. Un doutor recétache tres pastillas e diche que tomes unha cada media hora. Cantos minutos che duran as pastillas?

30
40
60
90

9. Un gandeiro ten 17 ovellas, todas morren agás 9. Cantas quedan?

1
3
5
7
9

10. Cantos animais meteu Moisés na arca?

0
1
2
3

11. Cantas estampañas de dous centavos hai nunha dúcia?

1
3
6
9
12

HUMOR E LECER

HORÓSCOPO

Rocío Meno Fariñas
Estefanía Parada Mojón
Miriam González Bautista

ACUARIO

(21 DE XANEIRO- 19 DE FEBREIRO)

AMOR

Este ano terás moitas paixóns. Pode que sexas vítima de numerosos feitizos e que moitos candidatos peten á túa porta debido á túa beleza. Mais douche un consello: escolle o mellor e o que máis amor che demostre pois de aí depende o teu futuro. Moita química con Aries.

O mes peor será Decembro

AMIZADE

Neste ano veraste favorecido por todos os astros. Nas túas saídas nocturnas a amizade é un punto clave.

O mes peor será Xuño

ESTUDOS

No ámbito do ensino este ano será decisivo. Deberás superar unha meta para proseguir o teu camiño. Os astros favorecerante e lograrás o que te propoñas.

SAÚDE

Este ano o contacto com signos que estean enfermos pódete contaxiar a ti. Ollo com quen andas, non vaia a ser...! Coidado coas ETS.

O mes peor será Agosto

Nº E COR DE SORTE

14 e 22

Branco

TRIUNFARÁS COM UN BILLETE DE 500 €

HUMOR E LECER

PEIXES

(20 DE FEBREIRO- 20 DE MARZO)

AMOR

Olo co amor. Como non espabiles, quítanche a moza ou o mozo, a veciña/o. Despois non te lamentes! Desperte e vai por el/a axiña que leas isto. Non sexas impulsivo, non vaia a ser que teñamos un desgosto e a armemos!

O peor mes será Xaneiro, tanto para o amor como na amizade e nos estudos, pois a depresión pós-vacacional será espantosa.

AMIZADE

Perderás un amigo temporalmente por un enfado entra amigos, mais non tardará en volver ao seu.

ESTUDOS

Nos estudos xa sabemos o que hai que facer! Estudar e estudar e se non queres facelo xa te quentarán na casa!

Nº E COR DA SORTE

O número 4 á o que máis che gusta.

Verde

ESTE ANO TRIUNFARÁS COA LOTERÍA. XOGA POUCO, NON TE EMOCIONES! MAL SERÁ QUE NON CHE TOQUE O REINTEGRO.

ARIES

(21 DE MARZO-21 DE ABRIL)

AMOR

Se estás libre encontrarás o amos da túa vida nunha persoa moi próxima a ti do teu vecindario. Se tes parella, cultiva cada día o amor que hai entre ambos. Non confies. A constancia é unha virtude de Aries. Podes perder o que tanto queres se deixas o amor para un segundo plano. Polo contrario, triunfarás com constancia. Despertarás paixón en Acuario e en Libra.

O mes peor será Setembro

HUMOR E LECER

AMIZADE

Período de distanciamento cos amigos por circunstancias persoais. Una cea arranxarao todo.

O mes peor será Maio

ESTUDOS

Todo o que te propoñas conseguíralo. Será un ano propicio para os teus logros.

SAÚDE

Terás sobretodo catarros polos teus traballos relacionados coa auga. Un Frenadol a tempo e todo estará resolto.

O mes peor será Xullo

Nº E COR DE SORTE

7 e 5

Laranxa

TRIUNFARÁS CON UNHA PRENDA DE ROUPA INTERIOR VERMELLA PAIXÓN

TAURO

(21 DE ABRIL-20 DE MAIO)

AMOR

Como o animal que te representa, es impulsivo. Isto pódete provocar un enfrontamento co teu futuro amor. Reláxate e deixa o teu carácter a un lado.

O peor mes: Xaneiro

AMIZADE

Chegará alguén moi importante á túa vida que che dará todo o apoio que precisas cando te atopas mal.

O peor mes: Setembro



HUMOR E LECER

ESTUDOS

Segue así e terás unhas notas excelentes.

O peor mes: Abril

SAÚDE

Terás un ano moi bo de saúde. Tan só te terás que preocupar por cousas sinxelas, un nocello escordado,...

Nº E COR DA SORTE

5, 3, 27

Verde pistacho

TRIUNFARÁS COM UN DENTE DE ALLO NO PETO


XÉMINIS

(21 MAIO- 21 XUÑO)

AMOR

Este ano reláxate. Se acabas de deixar a túa parella, toma un ano de relax. Se non é así, non caviles, en calquer momento aparecerá o amor.

O peor mes: Febreiro



AMIZADE

Déixate querer e así terás todo o que queiras. Presta moita axuda e esta serache devolta.

O peor mes: Xuño

ESTUDOS

Débeste esforzar algo máis, o final está moi perto.

O peor mes: Decembro

Nº E COR DA SORTE

19, 24, 31

Vermello

HUMOR E LECER

TRIUNFARÁS CON UNHAS UÑAS DE POLO METIDAS NUN SACO DE PATACAS


CÁNCER

(22 DE XUÑO- 23 XULLO)

AMOR

Será un ano positivo en canto ao amor, cheo de cariño. Esa persoa darache todo o que antes non tiveche.

O peor mes: Xullo



AMIZADE

Estarás rodeado de xente moi boa que che axudará en todo. Nunca digas non, pois cando ti o precisas, tamén che poden negar a axuda

O peor mes: Agosto

ESTUDOS

Necesitas mellorar algo. Pensa que nunca esta demais aprender algo máis

O peor mes: Maio

Nº E COR DE SORTE

30, 10, 20

Amarelo


TRIUNFARÁS COM UN ANEL DE PRATA

LEO

(24 XULLO- 23 AGOSTO)

AMOR

Ao seres un signo de lume, a paixón que corre polas túas veas, fará efecto



HUMOR E LECER

proximamente. Sairá á luz todo o poderío que tes.

O amor chegará nunha noite de lúa chea, enchéndote de sensualidade e paixón. Os signos compatibeis son: Leo, Saxitario e Aries.

O peor mes: Xaneiro

AMIZADE

Rodéate de xente que te axude cando o precisas xa que este ano non será fácil. Trata de ser comprensíbel con eles/as, pois nunca se sabe o que pode pasar.

O peor mes: Outubro

ESTUDOS

Vai sendo hora de que poñan interese nos estudos. Este ano necesitarás a axuda da lúa. Esta iluminará a túa mente.

O peor mes: Marzo

SAÚDE

Ten coidado co que comes, sobre todo este verán. O calor pode provocarche algún que outro mareo.

Nº E COR DA SORTE

4, 23, 12

Turquesa

TRIUNFARÁS CON UN RAMILLETE DE PIRIXEL


VIRGO

(24 AGOSTO- 23 SETEMBRO)

AMOR

Esta primavera encontrarás o amor, como di o dito: a primavera o sangue altera. Está preparado para encontralo. Este amor aparecerá de súpeto. Gozarás e vibrarás com esta relación. Aínda que sexades uns don Juans, sede fieis.

O peor mes: Decembro



HUMOR E LECER

AMIZADE

Este ano terás en conta @s amig@s, pois co teu carácter non deixarás moitas opcións para o diálogo. O importante é que saibas recoñecer os teus erros.

O peor mes: Xaneiro

ESTUDOS

Xa sabemos que non es moi bo/boa estudante e o teu son as recuperacións. Ánimo! A final de curso co esforzo aprobarás case todas as materias se non todas.

O peor mes: Xuño

SAÚDE

Este ano gozarás de boa saúde! Aproveita, non sempre será así.

Nº E COR DA SORTE

5

Azul

TRIUNFARÁS CON UNHA MOEDA DE 2 €, POIS PODES SER FELIZ CON BEN POUCO

LIBRA

(24 SETEMBRO- 23 OUTUBRO)

AMOR

Neste ano sufrirás grandes cambios. É posible que te reencontres com un antigo amor. Esta historia non sempre chegará a bo porto, mais pode ser que te marque, pois com el vivirás experiencias ou momentos inesquecíveis. Este amor pode estar relacionado com signos de lume.



O peor mes para o amor será Maio

AMIZADE

Este ano vulnerarás máis a amizade e daraste conta de quen son de verdade @s teus/tuas amig@s. Non te fies de todo o mundo porque hai xente que pode facerche dano.

HUMOR E LECER

O peor mes: Agosto

ESTUDOS

Non te fies! Todo pode sair mal. Deberías dedicarlle máis tempo aos estudos. Se faz isto conseguirás o que te propoñas.

O peor mes: Febreiro

SAÚDE

Este ano terás que coidar-te, pois neste inverno augúranse varios virus. Xa sabes, un Termalgil e listo!

Nº E COR DA SORTE

13

Laranxa


TRIUNFARÁS COM ALGÚN REGALO PERSOAL DA TÚA PARELLA.

ESCORPIÓN

(24 DE OUTUBRO- 22 DE NOVEMBRO)

AMOR

Neste ano o planeta do amor estará sobre este signo. Terás momentos felices no amor. Entre os candidatos do teu corazón, os signos afíns son Capricornio, Touro e Aries. O signo Escorpio tamén se pode aproximar a ti, pois dise que dúas persoas do mesmo signo se atraen e as une unha paixón intensa. Vivirás bons momentos con Capricornio e Tauro caracterizados por ser apaixonados.



O peor mes para o Amor será Xaneiro.

AMIZADE

Neste ano os teur amig@s estarán moi xenerosos e recibirás moitos regalos inesperados. A vosa amizade crecerá e gozaredes de momentos únicos.

O peor mes para a amizade será Marzo

HUMOR E LECER

ESTUDOS

Os estudos serán bons mais debes estudar con constancia para lograr resultados satisfactorios. Todo se consegue com esforzo

O peor mes será Outubro

Nº E COR DA SORTE

14 e 8

Lila

ESTE ANO TRIUNFARÁS COM UN ANEL NO DEDO CORAZÓN

SAXITARIO

(23 DE NOVEMBRO- 20 DE DECEMBRO)

AMOR

Saxitarios, no amor non desesperedes! Xa chegará co tempo , quizá nun mes ou en dez anos, mais chegará. Non é bo desesperarse!

O peor mes para o amor será Agosto

AMIZADE

Tranquilos, na amizade teredes moito éxito. Olló! Isso de ter moitos amigos é como non ter ningún. Esquécete deles.

O peor mes será Outubro.


ESTUDOS

Nos estudos, direiche que se non estudas non vas aprobar. Isso sabémolo todos! Fixo que aprobas dúas (as máis fáciles!)

O peor mes será Abril

SAÚDE

Na saúde os saxitarios sodes duros como pedras. Tranquilos! A non ser que vos caía algo sobre a cabeza, poderás morrer dunha enfermidade aos oitenta anos.



HUMOR E LECER

ESTE ANO TRIUNFARÁS CON UN BILLETE DE 200€. PODERÁS FACERLLE MOITOS REGALOS AOS TEUS FAMILIARES E Á TÚA PARELLA.

CAPRICORNIO

(21 DE DECEMBRO- 20 DE XANEIRO)

AMOR

Este ano darás e recibirás paixón. Pode que leves moito tempo sendo o suspiro de alguén. Cando te des conta de quen é esa persoa, nacerá en ti o amor que vos unirá para sempre e seredes a parella do ano. O signo favorable para esa paixón é sobre todo Escorpio, pois a química entre ambos é inconfundíbel e irremediábel.

O mes peor será Xuño ou Xaneiro

Maio

AMIZADE

Neste período a amizade estará moi revolta. Non aparentes ser ninguén. Actúa e se ti mesmo. Non te metas en pelexas, todo che irá moito mellor!

O mes peor será Decembro

ESTUDOS

Ano de colleita. Segundo o que sementes, recollerás e verás o teu futuro.

O mes peor será Maio

SAÚDE

Este ano estarás relativamente sano. Se practicas algún deporte tem coidado coas lesións.

Nº E COR DE SORTE

14 e 8

Prateado

ESTE ANO TRIUNFARÁS MUDANDO OS FONDOS DO TEU COCHE. UN SIMPLE TREVO DARACHE SORTE.

HUMOR E LECER

SOLUCIÓNS

Respostas ao test de axilidade mental

1. Si (son máis numerosas)
2. 50 (pregunta ilóxica na que non hai que pensar)
3. 12 (todos os meses teñen 28 días)
4. Si (é a palabra “mal”)
5. Non (xa está morto)
6. 70 (faino con calma, e se o precisas, utiliza a calculadora)
7. 2 (recorda, colliches dúas)
8. 60 (a primeira tomáchela antes de empezar a contar)
9. 9 (quedan 9)
10. 0 (foi Noé, non Moisés)
11. 12 (lóxica)